

FERNANDO RODRÍGUEZ NESPEREIRA.

Realiza estudos universitarios na E.A.A.T.T. de Madrid onde se licencia no ano 1972 como Arquitecto Técnico en Execución de Obras.

Profesor numerario de Dibuxo por oposición en prácticas de Delineación.

Membro da Comisión de Turismo da Cámara de Comercio de Ourense.

Desempeñou o cargo de Aparellador Municipal nos concellos de Entrimo, Muiños e A Rúa.

Ten traballado en distintas etapas para a Delegación de Facenda de Ourense e para as empresas "Arturo Fdz. y CIA" e "Hierros Cantábrico".

Realiza varios traballos por encargo da Consellería de Educación da Xunta, dicta conferencias, realiza traballos nos apartados da construción e decoración, destacando de forma especial no apartado de restauracións e rehabilitacións, onde

podemos destacar os seguintes traballos:

-Estudo, valoración e recomendacións para a rehabilitación da casa rural galega nas comarcas de Arzúa e Melide.

-Estudo da arquitectura, recursos turísticos e rehabilitación da casa labrega e o seu acomodo para o turismo rural na Ribeira Sacra Ourensana.



-Inventario de recursos turísticos da Ribeira Sacra Ourensana e Lucense.

No apartado de Exposicións cumpre subliñar:

-A nosa Arquitectura Rural.

-Ourense vello, o noso patrimonio.

-Arquitectura Popular na Ribeira Sacra Ourensana.



ELEMENTOS DE ARQUITECTURA POPULAR:

OS OCOS DE FACHADAS E OS SEUS DINTEIS. TIPOLOXÍA DE PORTAS E XANELAS. CORPOS VOADOS

Con esta pequena intervención, comecemos aquí a desmenuzar os elementos de arquitectura popular na zona de estudo, Ribeira Sacra Ourensana, como continuación ás xeneralidades que sobre arquitectura popular se verteron no número anterior.

Hoxe comecemos a describir e pomenorizar a disposición e forma dos ocós das fachadas, tipoloxía de portas e xanelas, así como unha pequena reflexión sobre os corpos voados das primeiras plantas das vivendas rurais.

OS OCOS DE FACHADAS E OS SEUS DINTEIS

Os ocós nas fachadas son pequenos e proporcionados, como corresponde a unha edificación austera, e só son máis grandes (ás veces até o chao) no caso de casas solariegas ou pazos.

Os muros de mampostería ordinaria, executados con pedras pequenas, ou os de laxa de xisto, teñen pouca consistencia pola escaseza de ligazón que empregaban para xuntar as pedras. Por esa razón e tamén pola pouca importancia que se lle daba ás habitacións da casa (ás que só se entraba para dormir), os ocós practicados nos muros para luz e ventilación son pequenos e contados. É moi común atopar habitacións ou cuartos nas vivendas que, aínda dando á fachada, non dispoñen de xanelas ao exterior.

Nas plantas baixas sitúanse ocós máis grandes para as portas de cortes, trasteiros e adegas (nas zonas de ribeira baixa), deixando unicamente uns ocós de pequenas dimensións chamados “buratas” que son exclusivamente para ventilación, e dos que


existe unha ampla tipoloxía, segundo se utilicen en cortes, trasteiros ou adegas. Estes ocos son amplos, xeralmente para albergar dúas follas, con medidas que permitan a entrada e saída do carro dentro da corte que debía recoller o esterco do gando ou introducir o estrume.

Nos muros de planta alta practícanse ocos bastante modulares, que varían entre 0,80 e 1,00 m. de largo por 1,00 ou 1,20 m. de alto, nos que logo se colocarán dúas follas acristaladas colocadas pola cara exterior do muro, divididas xeralmente en dous ou tres panos de cristal e con contras de madeira a modo de “fiestras” pola cara interior, intermedia do muro de pechamento, facendo tope nun típico rebaixe feito na pedra.

Como queira que o grosor dos muros (entre 0,60 e 0,70) impide no seu antepeito asomarse polas fiestras, e ademais dificulta o chegar coas mans ás xanelas que están pola cara externa, os antepeitos destas fiestras execútanse con parede dunha folla só, a exterior, de metade de espesor, de mellor calidade e máis estreita que o resto do muro, permitindo que un se poida asomar e así dominar o acceso á xanela con relativa facilidade.

Os ocos “abofinábanse”, é dicir, rasgábanse en forma inclinada até o interior para favorecer no posíbel a entrada da luz do sol no interior da vivenda e para que non estorben as contras ao estaren abertas e plegadas contra os muros.

Os dinteis dos ocos resólvense con pedra de mellor calidade e mellor labrada, que son enteiras como no caso das “lumieiras”, ou



con pezas de pedra independentes con “clave” no medio, sendo de pezas enteirizas ou trabadas no caso de xambas laterais ou recercado de ocos.

Existe unha grande variedade de dinteis, resaltando a forma xeneralizada de realizar o dintel coa súa peza de clave na segunda fila acima do oco, deixando un espacio libre a modo de ranura entre esta e a “lumieira” para que non cargue o peso nesta primeira pedra e por tanto o descargue do muro aos laterais, impedindo con elo que dita pedra enteiriza que remata o oco pola súa parte alta, rompa, dada a súa pouca resistencia á flexión da pedra.

Os ocos practicados nos muros para luz e ventilación son pequenos e escasos

As xanelas: A súa calidade aumenta a medida que o fai a da pedra dos seus muros. Nos pazos de boa cantería aparece a porta do balcón vidriera, que aumenta a súa lonxitude até o chan.




Os recercados das xanelas varían desde os de pedra granítica e os de pedra pizarrosa nunha ou varias pezas, até os máis humildes de madeira con dinteis do mesmo material.

Os recercados das xanelas varían desde os de pedra granítica e os de pedra pizarrosa nunha ou varias pezas, até os máis humildes de madeira con dinteis do mesmo material. Neste caso atópanse mostras nos muros de cachotería fina ou pedra de xisto na parte Este da zona, perto da Teixeira e arredores.

TIPOLOXÍA DAS PORTAS E XANELAS

Existe nesta zona unha variada cantidade de tipoloxía de portas e xanelas, empezando pola forma e composición dos portalóns



de entrada a pazos ou casas importantes, que eran portas de grande tamaño e altura, variando entre os 2,00 ou 3,00 m. de alto, e con remates similares aos dos cabaceiros, con telladiños acima das portas. Estas medi-

das veñen condicionadas pola entrada ao patio ou curro de carros cheos de leña ou estrume.

A porta era de dúas follas iguais ou unha máis grande que outra, sendo a pequena empregada para o paso de persoas. Outro modelo constitúeo o portalón con dúas follas e unha pequena para persoas, incunstrada dentro da outra folla.

As portas eran de madeira maciza, sendo as taboas de 3 a 4 cms. de espesor, reforzadas con longueiros de sección cuadrangular en forma de "Z", onde se enclavaban amplos e laboriosos ferraxes así como tiradores e petadores.

As portas de entrada á vivenda propiamente ditas, estaban feitas con fortes e consistentes taboas de 0,90x1,00 m. de largo e de pouca altura, de 1,80 a 2,00m. Esta porta é enteiriza, ás veces con oco para gato ou un furado para ver a persoa que peta. Outras veces a porta divídese en dous pola metade, coa intención de ter a parte máis alta aberta para recibir luz e a de abaixo pechada para impedir a entrada dos animais. As portas das cortes son simples e sen ningunha elaboración artesanal, con "pechos" e pechaduras moi primitivas.

As portas de habitacións eran simplemente unhas taboas verticais colocadas a tope, atirantadas con escuadrías de madeira que as xungen, colocadas pola cara traseira e onde se ubican as bisagras de grande mag-

nitude e tosca elaboración.

Estas portas pechan mal e están xeralmente alabeadas e tortas. Poucas veces a porta de acceso a unha dependencia interior é elaborada, artesanal. Só nos pazos ou casas solariegas atopamos portas entreteixidas con entrepanos rebaixados, facendo figuras xeométricas que recordan a portas palaciegas.


As xanelas son sinxelas, con perfil de madeira delgada, que permiten un bon paso da luz polo reducido dos seus ocos. Canto menos entrepanos teñan mellor será a iluminación. O máis normal e abundante é a distribución en dous ou tres panos acristalados de 30x40 ou 40x40 cms. (Máis pequenos recordaríanos á modulación de cristaleiras castelanas, polo que cremos que non son típicas da zona).

Un dato curioso é que o acristalamento faise pola cara externa, rematando o cristal con masilla, e non polo interior, como sería fácil pensar (para mellor conservación da masilla), circunstancia que se explica se pensamos que deste xeito á agua que golpea as xanelas polo exterior élle máis difícil penetrar ao interior da vivenda, pola disposición do rebaixe para asento do cristal.

CORPOS VOADOS

Os voadizos son un elemento moi singular, executados con valentía sobre os estreitos

camiños dos lugares que proporcionan unha tipoloxía moi diferenciada e característica das zonas con climas benignos. En toda a zona con altitude media e baixa, e a excep-



ción das construcións ubicadas nas montañas, existen na maioría das construcións rurais corpos voados ou voadizos na súa planta alta, de varios tipos diferenciados.

Ao ser o acceso á vivenda polo exterior e desembocar nun voadizo na planta primeira, é moi común atopar corredores, galerías, solainas ou patíns. Tamén de forma independente e no caso das casas solariegas, pazos e tamén as casas da estrada, atópanse balcóns independentes de pequenas dimensións, que proporcionan un toque particular ás fachadas de esas casas impor-

Este atrevido voadizo, apuntalado con grande esbeltez, corresponde a unha casa da aldea de Rabacallos. A proximidade ao río Sil e a fermosura da paisaxe, propiciaban a formación de este tremendo corredor como unha prolongación da casa até o río, aínda que a parte baixa non era pechada e aproveitábase para trasteiro. É curioso ver como o aleiro aínda se prolonga máis que o corpo voado.

As casa máis pobres resolvían os voadizos en madeira. Prolongábans e as vigas maestras através do muro cara o exterior, quedando en forma de ménsulas que recibían o peso do balcón ou corredor. Uns tronapuntas inclinados reforzaban o vóo na maioría dos casos.

tantes.

TIPO DE APOIO NOS VÓOS

Existe unha variedade moi rica de apoios



dos corpos voados, tanto con apoios verticais en forma de pés dereitos, como realizados en ménsulas, que pola súa beleza fan que nos deteñamos no seu estudo, realizando unha clasificación polo tipo de materiais empregados na súa construción. Así distinguiremos:

A) VÓOS DE PEDRA:

Utilízase pedra de granito, tanto no seu solado como nos seus canzorros ou columnas de apoio. Corresponden ás mellores casas, como son as casas solariegas e os pazos. O seu uso céntrase en solainas, case sempre pechadas pola súa parte baixa, corredores, galerías e balcóns independentes. As pedras de solano poden estar dispostas paralelas á fachada e apoiadas nos canzorros cada 2 ou 3 m., colocadas perpendicularmente a ela en dous ou tres filas de ménsulas, formando todas elas unha moldura decrecente.

É de destacar a potencia e fortaleza dos canzorros empregados nos vóos, de grande beleza e algúns até con tres filas de pedras independentes no vóo, formando unha escaleira decrecente.

Non sendo as solainas, que non acostuman ter barandillas, os vóos de pedra teñen case sempre barandillas metálicas de boa calidade, ben independentes ou con apoios do teito nelas. Aínda sendo relativamente recente a utilización da forxa metálica nas barandillas, sendo a barandilla de madeira un elemento de utilización anterior ás de forxa.

B) VÓOS DE ESTRUCTURA DE MADEIRA:


Nas aldeas ribeiriñas abundan moito este tipo de vóo que parece prolongar a casa até o exterior. As potentes vigas de madeira do piso da casa, colocadas cada 2 ou 3 m.



entre si, saen ao exterior traspasando o muro, voando de 0,80 a 1,20 m., e a modo

de ménsulas de madeira refórzanse na punta con codais empotrados na parede, ou ás veces metálicos. Outras veces son as vigas principais as que forman a estrutura do vóo, dispoñéndose paralelas á fachada, apoiadas en outras máis potentes nos extremos da casa e descansando no muro e no seu puntal de madeira que vai ao chao.

En algunhas zonas altas péchase o frente do corredor cun entaboadado de madeira, moi



rústico, para conseguir evitar o ar frío, formando así un curioso vóo pechado até a altura da barandilla, ou tamén até o teito e aproveitando o seu interior para un cuarto trasteiro.

C) VÓOS CON ESTRUCTURA MIXTA:

Otras veces, os vóos de madeira que forman os corredores ou galerías son máis atrevidos no seu longo e por tanto as mén-

sulas non son suficientes para o seu apoio, polo que se fai necesario uns apoios na punta dos vóos, apoios que son por medio de columnas de pedra cuadradas, redondas ou enteiras. Moitas veces a beleza das columnas non corresponde coa rusticidade do vóo e isto é debido a que eran orixina-rias de outras construcións máis elaboradas, que nesta zona proveñen principalmente de construcións relixiosas hoxe desaparecidas.

Pasamos agora a diferenciar, polo uso, o tipo de vóos existentes:

CORREDORES.- Son corpos voados sobre a planta baixa que están situados de seguido ás escaleiras de entrada, ou ben independentes a esta en outras fachadas. Recoñécese de seguida porque a el soen dar portas de acceso a dormitorios ou salas, é dicir, que son como pasillos de comunicación, coa característica de seren exteriores. Acostuman ser estreitos, cubertos e con barandillas de madeira ou en simple perfil metálico.

É unha estancia da casa moi considerada e repetida nas construcións

desta zona. Cumpre varias funcións: Por un lado é o escaparate da casa, polo que se asoma o campesiño á rúa e desde onde fala e sauda aos veciños. Mais a misión principal cumprea ao protexer do sol a fachada de pedra posterior, a onde dan as habitacións, e por tanto impedir que o sol alto (de verao) quente en exceso os paramentos e transmita calor ao interior. Por último, nos días de chuvía e dada a oscuridade existente no interior da casa (no inverno), pode realizar-


Vóos con estrutura mixta: Corresponden a casas de tipo intermedio. Nótase que mellora o tipo de pedra e o tamaño do edificio. Grandes canzoros de pedra embe-didas en muros ou columnas de pedra con soporte dun entramado de madeira, cuxas vigas descansan nos apoios. Cando se empregan columnas permiten que os vóos sexan máis largos e xenerosos.

se nesta estancia tarefas domésticas, ao abrigo das inclemencias do tempo.

A galería aparece a partir dos 700 m. de altitude como resposta ao pechamento do antigo corredor.

A razón é clara: para protexer do clima que cada vez é máis áspero e para aproveitar o sol do inverno como acondicionador da temperatura interior.

GALERÍAS.- Sábese que as galerías che-




garon a Galiza cara o S. XVIII, e en realidade empezáronse a extender polo noso país a partir do S. XIX coa fabricación do cristal plano de forma máis estandarizada. É, a galería, un volumen pechado, antigua-

guillotina e panos despezados, cuxa misión é favorecer o aislamiento da vivenda e a aclimatación da mesma, ao captar e reter no inverno o calor producido polos raios do

sol e creando unha cámara previa no verao, que protexe e tapa do mesmo sol, e que é necesario ventilar para evitar que se requente.

Na zona de estudo empézanse a ver galerías

desde a altitude de 400 en adiante. Non é normal o uso de galerías nas zonas ribeiriñas baixas do Sil, nen nas zonas de influencia do río Miño.



mente corredor ou feito ao tempo que a casa no caso de construcións importantes, que ten no seu frente e laterais paredes acristaladas, con follas corredeiras en forma de

Podemos estudar a forma de implantación destes corpos voados e acristalados en varias tipoloxías:

1).- Antigos corredores pechados con gale-

ría con posterioridade, colocada en parte ou na súa totalidade no vello corredor.

2).- Galerías construídas ao longo de toda a fachada ao tempo que a casa, e polo tanto dando unha sala importante.

3).- Galerías en miradores ou balcóns independentes, producidos polo peche posterior destes vóos.

4).- Galerías reformadas posteriormente, pechando o seu entrepano baixo para lograr un maior aislamiento. Isto sucede nas zonas altas, onde o clima é máis riguroso.


Tamén podemos clasificar os tipos de modulación dos panos das galerías, así como a cantidade de entrepanos por folia, 2 ou 3, e a súa forma de apertura.

Dicir que a zona de galerías por excelencia é Castro Caldelas, que dispón de exemplares moi elaborados dignos de mención, aínda que bastante recentes na súa execución. A galería pasou a ser unha habitación pechada e acristalada dun voo aberto, case sempre en corredor a fin de protexer a casa das inclemencias do tempo, para ser unha peza máis da casa que (onde o largo o permite) serve para facer vida nela como un salón ou cuarto máis.

PATÍN.- É o patín un elemento da forma constructiva rural sinxelo, e non por elo menos importante. Constitúe o descanso que existe no acceso á porta de entrada ás casas rurais, podendo estar protexido pola prolongación do tellado ou simplemente descuberto. Está executado no chao con lousas de grandes pedras graníticas apoiadas en muros laterais, emplazadas a continuación das escaleiras exteriores, que neste caso son sempre de menos de 10 pasos nun só tramo até chegar ao patín.

Este elemento constructivo dáse moito nesta zona de estudo e usábase para, a mais de acceder ao interior da casa, sentarse á chegada das tarefas do campo e descansar antes de entrar na vivenda. Ou tamén como lugar de reunión cos veciños, sobre todo no verao, e mellor se este acceso estaba orientado ao Norte.

SOLAINA.- É unha curiosa peza da casa rural. Xeralmente descuberta (de aí o seu nome de solaina, porque recibía sempre os raios do sol), orientada ao Este ou Sur, con




solado de pedras longas de perpiaño que apoiaban sobre outras pedras de canto, separadas cada 1,50 m. aproximadamente. Estas, apoiadas no muro da casa por un extremo e en grosas columnas de pedra polo outro, permitían que debaixo delas se crease unha especie de cobertizo aberto,

Estos corpos voados están cubertos case sempre pola prolongación do tellado, executada co mesmo pano de cuberta que ven desde atrás e que se apoia en pequenos pilares de madeira.

onde se gardaría ferramenta e outros trastos para preservalos da chuvia.

Outras veces, esta solaina está pechada na súa planta baixa a pano (con só un lixeiro voo do seu pavimento sobre o muro) coa parede de abaixo, aproveitando a súa parte baixa para cortello ou trasteiro pechado.

Este elemento constructivo está pouco extendido na zona de estudo, aínda que se atopan algúns exemplos interesantes en



Faramontaos e outras aldeas do interior.


En todos os corpos voados anteriormente citados, é normal atopar columnas labradas en redondo, con bons capiteis que foran aproveitados de outras construcións vellas, case sempre de antigos eremitorios, capelas e aínda de mosteiros.

Por último volver a reseñar que estos corpos voados están cubertos case sempre pola prolongación do tellado, executada co mesmo pano de cuberta que ven desde atrás, que se apoia en pequenos pilares de

madeira que descansan nas ménsulas dos vóos e forman a estrutura básica dos balcóns ou corredores.

Remataremos indicando que nas zonas altas, onde se dá a tipoloxía da casa de montaña, apenas aparecen vóos, presentando nas construcións as súas fachadas planas e con escasos ocós nas mesmas. O clima é condicionante de esta variedade de tipoloxía.

Os vóos, de todos os tipos e funcións antes descritos, forman un conxunto interesante e son os elementos de arquitectura rural que máis caracterizan a unha tipoloxía determinada e por elo son merecedores de estudo detallado.



TOMÁS VEGA PATO

Naceu en Manzaneda (Ourense) en 1938.

Titulación: universitaria.

A súa investigación, no tempo que lle deixa libre o seu labor profesional, desenvólvese con prioridade no campo da etnografía, interesándose ademais pola heráldica. Tamén algunhas incursións na investigación arqueolóxica.

